

Nel Vidal Barral, como presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897; con apartado de correos 771 de Santiago de Compostela; con enderezo electrónico [info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org) e con teléfono de contacto 629 571 950, en nome e representación desta entidade,

## EXPOÑO

- Que para cumprir de maneira eficaz a lexislación en materia de lingua dende as administracións locais é imprescindible a existencia dun departamento técnico coas funcións de asesorar á administración en todo o relacionado coa política lingüística, de velar polo cumprimento da lexislación e os dereitos lingüísticos e de planificar, xestionar, executar e avaliar as accións encamiñadas a incrementar o uso e o prestixio da lingua galega en todos os sectores do ámbito de influencia da entidade.
- Que no Concello de Vimianzo o Servizo de Normalización Lingüística, que funcionaba dende outubro de 2005, cumpría cos obxectivos descritos dunha maneira visíbel e o Concello ofrecíalle á cidadanía un servizo eficaz e necesario.
- Que, logo de coñecido o acordo que a Xunta de Goberno Local do Concello de Vimianzo tomou na sesión do día 20 de outubro de 2008 de suprimir o Servizo de Normalización Lingüística, manifesto:
  - Que acción normalizadora desde a administración local precisa de departamentos técnicos como o que até o de agora existía en Vimianzo, mais procurando a súa estabilidade e dotándoos de recursos humanos, materiais e económicos acordes co traballo que desenvolven. Coa desaparición do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vimianzo tamén desaparece a acción normalizadora que até o de agora se desenvolvía dende esa administración.
  - Que as razóns que levaron ao Concello a suprimir o Servizo de Normalización Lingüística non están en ningún caso xustificadas pois, en primeiro lugar, o persoal responsábel do SNL debe ter uns coñecementos e capacidades correspondentes a unha

licenciatura e, polo tanto, a súa categoría profesional debe ser acorde coa súa formación e, en segundo lugar, unha subvención nunca pode cubrir a totalidade dos gastos.

- Que cómpre informar ao Concello que a Deputación da Coruña financia con até 12.000 euros anuais o mantemento de servizos de normalización lingüística nas administracións locais e a Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia con cantidades variábeis semellantes para a creación destes departamentos.

## POLO QUE SOLICITO

- Que o Concello rectifique a súa decisión de suprimir o Servizo de Normalización Lingüística e que, polo tanto, corrixa o acordo tomado na Xunta de Goberno Local na súa sesión do día 20 de outubro de 2008.
- Que o Concello de Vimianzo se dote de persoal técnico estábel para a normalización da lingua galega e lle dedique ao Servizo de Normalización Lingüística os recursos económicos e materiais necesarios para o desenvolvemento do seu traballo.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2008

*\*Remítirase copia deste escrito a todos os grupos políticos con representación no Concello de Vimianzo, á Deputación da Coruña, á Dirección Xeral de Administración Local e á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.*